

## ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
XGL/2019/22	A Xunta de Goberno Local

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	27 de maio de 2019
Duración	Desde as 19:05 ata as 19:20 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	NON
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.





A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 6 de maio de 2019

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o borrador da acta da Xunta de Goberno Local realizada en data 6 de maio de 2019, coa seguinte corrección:

1.- No punto segundo da convocatoria, referente a proposta da Alcaldía para aprobación do anexo ao plan de ocupación con servizos de tempada nas praias de Cangas-2019, coa instalación de parque acuático na praia de Rodeira, no que se adopta acordo denegatorio:

Esta Xunta de Goberno Local acorda ampliar o acordo referido adoptado pola Xunta de Goberno Local do 6 de maio, no senso de xustificar a votación en contra, por tramitación incompleta, ao non existir no expediente os preceptivos informes xurídicos.

Expediente 3061/2019. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por J. C. S., na que solicita autorización municipal para a instalación de sinal de pasaxe permanente diante do portal do seu garaxe sito en rúa Vereda, nº X-Coiro.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local en data 20.05.2019, acorda aprobar a instalación de sinal de pasaxe permanente en rúa Vereda, nº X-Coiro.

Expediente 3119/2019. Solicitud de sinalización

Desfavorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por G. I. S., na que solicita a instalación de bolardos móbiles para o vial de acceso á urbanización sita na Avda. da Coruña, nº X.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local en data 21.05.2019, acorda o seguinte:

\* Informar ao Sr. I. S. que a zona en cuestión é de influencia do Servizo de Estradas de Galicia, polo que o Concello non é competente para sinalizar.





Expediente 6070/2018. Licenza urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 6070/2018.- Conceder a F. G. S., titular do DNI nº X con enderezo a efectos de notificacións no enderezo electrónico X agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obras para demolición e reconstrución de edificio para pensión sito en Eirado do Costal, nº X -Cangas (referencia catastral X), de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto C.P. J. de data abril de 2019. Condicionada a que antes do inicio das obras deberá presentar proxecto de execución de obras visado e oficio da dirección de obras e execución destas, a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza e deberá cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI, farase un seguimento desta polos técnicos da oficina municipal. O presuposto de execución material ascende a cento oito mil douscentos dezaseis euros (108.216,00 €).</p>	

Expediente 2405/2019. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 2405/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por "COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO CANABÉS", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Atranco, nº X-Cangas, para reparación de cuberta en edificación existente sita no referido lugar (referencia catastral X) de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto técnico R. S. C. de data 20 de marzo de 2019. O presuposto de execución material ascende a trinta e dous mil catrocentos euros (32.400,00 €).</p>	

Expediente 2160/2019. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipode votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 2160/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por "COMUNIDAD DE VECINOS EDIFICIO LA PAZ", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. Félix Ozámiz, nº X., para obras de mantemento de fachadas e terraza de edificio de vivendas sito no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data abril de 2019. O presuposto de execución material ascende a dezaioito mil cincocentos sesenta e sete euros con dez céntimos (18.567,10 €).</p>	





Expediente 2419/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipode  
Unanimidade/Asentimento

votación:

EXPEDIENTE Nº 2419/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por "COMUNIDADE PROPIETARIOS PARTENÓN", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Alexandre Cribeiro, nº X-Cangas, para reparación de paneles de fachada en edificación sita no referido lugar (referencia catastral X) de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data abril de 2019. O presuposto de execución material ascende a vinte mil cento sesenta e seis euros (20.166,00 €).

Expediente 2436/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipode  
Unanimidade/Asentimento

votación:

EXPEDIENTE Nº 2436/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. R. B., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Outeiro-Balea, nº X-Darbo, para reparación de cuberta en vivenda sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactado polo arquitecto técnico F. M. L. de data abril de 2019. O presuposto de execución material ascende a once mil cincocentos corenta e oito euros con oitenta céntimos (11.548,80 €).

Expediente 2363/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipode  
Unanimidade/Asentimento

votación:

EXPEDIENTE Nº 2363/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por F. C. A e M. M. G. G., titulares do DNI nº X e X, con enderezo a efectos de notificacións en centro de Espiñeira, nº X-Aldán, para tratamento de fachada e cuberta de vivenda unifamiliar sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación que obra no expediente, redactada polo arquitecto J. V. F., con data de visado de data 15.04.2019. O presuposto de execución material ascende a vinte e cinco mil oitocentos trinta euros con corenta e nove céntimos (25.830,49 €).

Expediente 1238/2019. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía de data 20.05.2019, referente ao expediente de restauración da legalidade urbanística nº 1238/2019-S, que é como segue:





"Resultando que no lugar de Balea-Darbo, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: ampliación de cerramento.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados A. C. P., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 158.4 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros. de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reducirase na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada Lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador por infracción urbanística a A. C. P, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; ampliación de cerramento no lugar de Balea-Darbo.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lle concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción por ter repostada por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas





actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de selo caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente".

Expediente 7357/2017. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da instrutora do expediente nº 7357/2017-S, de data 21.05.2019, referente a expediente de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

#### "PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

M. R. G., instrutora designada polo Alcalde do Concello mediante proposta de Alcaldía de data 24.01.2019, en relación co expediente sancionador nº 7357/2017-S, que se está a tramitar neste Concello, emite a seguinte proposta de resolución visto os seguinte:

#### ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Por parte de J. B. G. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística tramitado, efectuáronse no lugar de Areacoba-Aldán, obras sen licenza consistentes en realizar a substitución de planchas de fibrocemento por planchas tipo sandwich, sen facer mención na documentación da comunicación previa presentada da xestión dos residuos de obra, sendo a infracción cometida de carácter legalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 02.02.2018.

SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 28.01.2019, dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegacións ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegación.

TERCEIRO.- Visto canto antecede, e de conformidade cos artigos 89 e 90 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emito a seguinte:

#### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN





PRIMEIRO.- Declarar probado, sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras realizadas sen licenza no lugar de Areacoba-Aldán, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve, segundo o determina o artigo 158.4 da mesma norma citada, visto o informe do arquitecto municipal de data 02.02.2018.

SEGUNDO.- Que J. B. G., na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO

PRIMEIRO.- Impoñer a J. B. G., na súa calidade de promotor, unha multa sancionadora de cincocentos euros (500,00 €), por infracción ao ter cometido obras no lugar de Areacoba-Aldán, consistentes en realizar a substitución de planchas de fibrocemento por planchas tipo sandwich, sen axustarse á comunicación previa presentada, ao non facer mención na documentación da comunicación previa presentada ao estudo para a xestión dos residuos, sendo a infracción cometida de carácter legalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 02.02.2018.

Advírtese ao interesado que as sancións impostas ó abeiro da Lei 2/2016, reducirase na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo".

Expediente 3102/2019. Dación de conta de Sentenza nº 89/2019, do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia (PO nº 235/2016)

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno queda informada da Sentenza nº 89/2019, do PO nº 235/2016, ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Seción segunda da Sala do Contencioso Administrativo de Coruña, dando conta dos seguintes datos:

1.- PO 235/2016 - RECURSO APELACIÓN Nº 4325/17 - SENTENZA Nº 89/2019 DITADA POLO T. S. X. GALICIA CON/AD SEC. 2.

- A persoa recorrente: A. R. M..

- Asunto: Desestima o recurso da apelación interposto por A. R. M., contra a Sentenza nº 95/2017, de 15 de maio de 2017, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, nos autos de procedemento ordinario nº 235/2016, confirmando integramente esta.

- Impóñense as custas procesais á parte apelante limitadas á cantidade máxima de mil euros





Concello de Cangas

(1000,00 €), por todos os conceptos e por todas as partes, distribuíndose por metade entre as apeladas dita suma.

- Sentenza firme.

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 990/2018. Dación de conta de proposta da alcaldía referente a Sentenza nº 297/2018 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia resolutoria do Recurso de suplicación nº 4572/2018 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da alcaldía de data 23.05.2019, referente a dación de conta de Sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no PO nº 58/2018, que é como segue:

"Visto o contido da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 24.04.2019, resolutoria do recurso de suplicación nº 4572/2018, interposto fronte á sentenza do Xulgado do Social nº 4 de Vigo, Reforzo nº 297/2018, de data 31.07.2018, recaída no procedemento ordinario nº 58/2018, seguido a instancia de B. P. B.,co fallo que de seguido se reproduce:

'Que desestimando o recurso de suplicación interposto pola actora B. P. B., así como, o formulado polo demandado Concello de Cangas do Morrazo, contra a sentenza ditada polo Xulgado do Social nº 4 de Vigo, nos presentes autos tramitados a instancia da referida demandante, debemos confirmar e confirmamos dita sentenza, con imposición ao Concello demandado das custas causadas polo seu recurso, incluíndose nestas a cantidade de seiscentos euros (600,00 €), en concepto de honorarios do letrado ou graduado social da parte impugnante'.

A sentenza non era firme polo que a Xunta de Goberno debe decidir sobre a interposición de recurso.

Solicitado informe do avogado do Concello no procedemento en relación á posibilidade de recorrer a sentenza, este remitiu o informe solicitado o 14.05.2019, incorporado ao expediente e que respecto a este extremo sinala o seguinte:

'En relación á sentenza ditada polo TSX Galicia descarto a posibilidade de recorrer ao non atopar sentenzas contraditorias dos tribunais superiores de xustiza ou do Tribunal Supremo que avalen a posibilidade de ir en casación, o que constituiría un presuposto imprescindible para a súa prosperabilidade'.

Tendo en conta os termos do informe emitido e que o letrado municipal advertía na comunicación pola que achegou o seu informe que o prazo de recurso remataba o día

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850







16.05.2019, pola Alcaldía se comunicou a non presentación de recurso de casación.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 24.04.2019, resolutoria do recurso de suplicación nº 4572/2018, interposto fronte á sentenza do Xulgado do Social nº 4 de Vigo, Reforzo nº 297/2018, de data 31.07.2018, recaída no procedemento ordinario nº 58/2018, seguido a instancia de B. P. B.

Segundo.- Dar traslado do acordo adoptado ao departamento municipal de apoio xurídico e persoal, co fin de que se adopten as disposicións oportunas para o seu cumprimento".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía de data 23.05.2019, referente a dación de conta de Sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no PO nº 58/2018, polo que, en consecuencia non proceder á interposición de recurso ningún.

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 650/2019. Dación de conta de proposta da alcaldía referente a Sentenza nº 271/2019 do Xulgado do Social nº 1 de Vigo -PO 87/2019 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:  
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da alcaldía de data 25.05.2019, referente a dación de conta de Sentenza nº 271/2019 do Xulgado do Social nº 1 de Vigo, de data 15 de abril de 2019, recaída no procedemento ordinario nº 87/2019, que é como segue:

"Visto o contido da Sentenza nº 271/2019 do Xulgado do Social nº 1 de Vigo, de data 15 de abril de 2019, recaída no procedemento ordinario nº 87/2019, seguido a instancia de Javier Padín Carballo, co fallo que de seguido se reproduce:

Que estimando a demanda interposta por J. P. C., debo declarar e declaro a súa condición de persoal laboral indefinido discontinuo, debendo ser chamado cada ano se a súa presenza é necesaria como auxiliar da policía local sen necesidade de superar proceso de selección ningún, en lugar de acudir a novas contratacións e condeno ao Concello de Cangas a estar e pasar pola anterior declaración.

A sentenza non é firme polo que a Xunta de Goberno debe decidir sobre a interposición de recurso de suplicación.

Solicitado informe do avogado do Concello no procedemento en relación á posibilidade de recorrer a sentenza, este remitiu o informe que figura incorporado ao expediente nº 650/2019





e que respecto deste extremo conclúe o seguinte:

'(...) en canto á posibilidade de recorrer a Sentenza do Xulgado do Social nº 1 de Vigo, os xulgados de instancia están a seguir a liña marcada polo Supremo e o TSX de Galicia (a de 28 de decembro de 2017 entre outras) que en caso similares recoñeceron a condición do actor como indefinido non fixo. Por tanto se ben se podería ir a suplicación facendo fincapé en que o Concello de Cangas se limita a utilizar unha posibilidade que lle brinda a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais, as posibilidades de éxito do recurso son máis ben escasas á vista da liña seguida polo TSX de Galicia e o Tribunal Supremo coa conseguinte condena en custas para o Concello'.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza nº 271/2019 do Xulgado do Social nº 1 de Vigo, de data 15 de abril de 2019, recaída no procedemento ordinario nº 87/2019, seguido a instancia de J. P. C.,.

Segundo.- Decidir sobre a a formalización dun posible recurso contra a sentenza.

Terceiro.- Dar traslado do acordo adoptado ao departamento municipal de apoio xurídico e persoal, co fin de que se adopten as disposicións oportunas para o seu cumprimento".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía de data 25.05.2019, referente a dación de conta de Sentenza nº 271/2019 do Xulgado do Social nº 1 de Vigo, de data 15 de abril de 2019, recaída no procedemento ordinario nº 87/2019, e polo tanto non proceder á interposición de recurso ningún.

#### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

#### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

